

## Ás beiras do Saar

IAGO GONZÁLEZ

Ás beiras do Saar  
unhas luces do mar  
como de cristal do ceo  
deleitan á riqueza,  
á furtiva fortaleza  
da fauna de Ptolomeo.

Nas bágoas campestres esténdese agora  
a fábula celeste que o caudal namora  
reflexo das nubes  
das ondas pra fóra

o corazón sacha na serena aurora

qué iridiscente se mostra  
na muralla calcárea.

As sombras na comparsa  
debuxan  
perforan  
na superficie anegada  
da pedra que o custodia.

Saar, lar poderoso  
sen miseria nin codia;  
lombo ardente  
de lingua silandeira.

No seu pé a semente  
a musa do seco ventre  
selou con paso calmo  
chanzo a chanzo  
un torrente  
núa na mente,  
angosta  
e  
prudente.

A lúa somérxese  
con afable ledicia,  
baixa esvarando  
polo arco da vella  
en secreto reclamo.

Avanta  
e deixa a súa branca manta  
de harmonioso abraio  
nos coios inocentes  
e nas herbas do camiño,  
e trepando paseniño  
pola atmosfera embaixo  
asenta entre gallas danzantes  
en rumor clandestino  
que se aperta asonante  
co piar de paxaros.

Coma un enigma sulaga  
o ritmo do paseante

coma unha fonte se engole  
nun remuíño cambiante  
mudando en cada lampexo  
do longo curso radiante.

A súa mirada acariña  
o fume enfeitizante  
de cada orquestra oscilante  
entre a beira de verde marea  
de toda a estirpe da traquea.

En cada folla está o tizón  
de marcial humidade;  
o pole de salvación  
da ferida do río  
e da pantasma sen idade;  
a cadea turbulenta  
na corea da verdade.

Saar, aínda seco, nifras  
flores e herbas de esparto.

Choras ámbar  
enriba do teu pano  
sen laio nin pranto  
no máis fondo frío  
do invernall espanto  
en historiografía de barro  
fronte ó porto da vertixe  
onde o corazón amarro.

Enfías carqueixas  
coroando a lúa do regato.

Por entre o fráxil mato  
o luscofusco deixas  
e á vella noite deitas.

As miñas meniñas en sono  
contra as campás bato  
chamando ó teu trono

exultante Saar,  
que o teu destino desato.

Aló, aló ó lonxe  
albisquei un punto vermello  
e escordei un nocello  
desbordando o horizonte  
e o teu rumbo certo.

Péchase a coroa de flores  
a corola do nenúfar  
o canto do campo  
e a honra da paz

o cisne de neve  
que se prega outra vez  
aterrando na fronteira  
do tronco distinguido  
na auga da ribeira.

Eclosiona pálido  
o novo nacer

precipita en retardo  
o mol amencer  
florecedo apaixonado  
nas escamas areosas  
das troitas e das musas,  
e das naves que sucán  
as augas difusas.

Ancorado na cadea que emana da  
fonte  
a lanzal cheminea  
naufrega en picado  
fumando as estrelas  
da lúa que alumea  
na pluma de serea,  
na florida boca marela  
do cisne e os fillos dourados  
da pintoresca augarela.

E lambe o Saar  
a lúa en cerámica  
pedíndolle esmola de amor en  
segredo

aliños puros de agreste remendo,  
remedio de dores,  
cicatriz de medo  
en espiral verdosa  
en bafo de flor  
de luz ostentosa.

Nas ladeiras arrimas  
o teu arbóreo cabelo  
afundindo nun ángulo  
do monte pecho  
ó ceo aberto  
polo areal caudaloso  
polo adentro Saar  
polo rego frondoso.

Os corvos fretan agoiros doces  
arreconchegados no teu pescozo  
a herba mesta salpica parda  
as penedas e pólas  
dos teus carreiros  
polos botóns termináis

beleza abismal

no precipicio  
da seca ó val  
da conca profunda

asolagado lameiro,  
harmonía presunta.

As leiras bican o sinuoso velo.

As aves pican e trepan arreo  
nos cavorcos suaves  
nos remuíños ledos.

O sorber das follas absorbe  
coma agonías de voces.

No ceo pingan nubes espidas;  
no seo Saar  
son flores de loto,  
ganchillo relatado  
en soños de afluyente de fumes de  
gozo.

A chuvia transforma  
regueiros de sangue  
en espuma festeira

rebulindo ás présas  
cos asubíos do vento  
nas ás de bolboretas

as fiestras cheas de vontade armilar  
en cada rabaño de forestal manglar.

A madeira abanea  
e rechouchía o ar  
coa vida enteira  
que empeza a navegar  
desde as túas beiras,

poderoso cabaleiro Saar.

Unha gloria do sol  
desprendeuse da súa galaxia  
para empañalo  
e acunar  
a beleza do Saar  
que se lamenta  
con laios doces  
das salgaduras furtivas  
dos soños do mar.

